
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O MÉRCORES, DÍA 10 DE
DECEMBRO DE 2014**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria e na segunda convocatoria ás 13:00 horas do mércores día 10 de decembro de 2014, coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior
- 2) Informe do Director
- 3) Premios Extraordinarios Fin de Carreira
- 4) Quinquenios docentes de profesores da Escola
- 5) Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro: Informes de seguimento enviados á ACSUG
- 6) Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Álvarez García	Julia
Baldomir García,	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López,	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Domínguez Perez,	Xabier Eduardo
Eiras López,	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
Gómez Díaz	Héctor
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Luis Antonio
Hernández Ibáñez	Santiago
Herrador Barrios,	Manuel Francisco
Martínez Lage	Isabel
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Nieto Mouronte	Félix
Nogueira Garea	Xesús Antón
Novalos Ordax	Margarita

Orro Arcay	Alfonso
Paris López,	Jose
Pena Mosquera	Luis
Pérez Pérez	Ignacio
Puertas Agudo	Jerónimo
Rdrez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Suárez López	Joaquín
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel
Vázquez Herrero	Cristina Mercedes
RESTANTES CATEGORÍAS PDI	
Martínez Díaz	Margarita
Villar Ferrer	Juan
ESTUDANTES	
Espasandín Lacalle	Raúl
PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	
Cartamil Obelleiro	Carmen
Lafuente Paulos	Marta
Roel Vilas	M. Pilar

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1. Lectura e aprobación, no seu caso, de actas de reunións anteriores.

As actas enviaranse previamente. Non hai comentarios.

Apróbanse

2. Informe do Director

O Director comeza o seu informe tratando a incorporación de profesorado, indica que houbo dous concursos de praza de contratado interino de substitución a tempo parcial na Área de Enxeñaría da Auga. Os candidatos seleccionados foron María Bermúdez e José Sande. Tamén houbo concurso na área en Enxeñaría do Terreo con docencia asignada ó Máster de Enxeñaría da Auga, as candidatas escollidas foron Ana Vázquez e Acacia Naves. Comunica a continuación a baixa do profesor Jose Antonio Serantes por unha cuestión de compatibilidade tralo seu cambio de destino á deputación. Sacarase unha praza para cubrir esta vacante.

Respecto ó Persoal de Administración e Servizos, sucederon diversos cambios nos que as incorporacións xa se foron realizando. Na secretaría de dirección, sae José Antonio Díaz e entra Pilar de la Cruz. Na UADI sae Alejandro Arévalo e incorporase Julia Vázquez; na administración académica sae Silvia Pintos e entra Cathaysa Rivas; na administración económica, entra Valvanera Núñez no lugar de Lucía Lorenzo. Por último na biblioteca saen Carolina Gómez e Rosa Vences e pasan a ocupar os seus postos M^a Pilar Velasco e Alicia Franco. O Director expresa o agradecemento polo traballo

realizado ás persoas saíntes. Por outra banda, expresa tamén a súa benvida ás persoas que se incorporan a traballar no centro.

Continúa informando da situación do edificio da Área Científica, o cal ten un uso compartido coa Facultade de Informática, sendo o responsable o Director da Escola. Con respecto á distribución de espazos correspondentes á Escola informa de que a Comisión Permanente xa fixo unha asignación. Respecto ó persoal de conserxería de dito edificio, non estaba prevista a presenza de persoal de conserxería no edificio. Ó final, tras solicitalo e negocialo, acordouse contratar un auxiliar de servizo para as mañás cubríndose a quenda de tarde desde os dous centros. A partir de xaneiro tras a reorganización da RPT, esta situación transitoria se arranxará.

Prosegue o informe detallando os datos de acceso de estudantes, no GEOP incorporáronse 48 estudantes, no GTECIC 35 e no MICCP son 33. Seguen a ser cifras baixas. Para traballar neste problema informa que xa se comezou coa campaña de presentación da Escola, que inclúe presentacións en institutos, o acto do día da Ciencia na Rúa, e tamén unha exposición no MUNCYT.

Detectouse un erro nas táboas de recoñecementos de ICCP a TECIC e foi aclarado a petición dos profesores da área de construción. A convalidación de estas asignaturas faise unha a unha en non en bloque como estaba posto antes:

- Hormigón armado y pretensado 9 ---->Hormigón estructural, edificación y prefabricación I 6
- Edificación y prefabricación 6 ---->Hormigón estructural, edificación y prefabricación II 6

Hai novidades na equivalencia dos títulos antigos cos actuais de Bolonia. En novembro saíu a normativa que iniciaría o proceso de equiparación. En primeiro lugar, a Dirección Xeral de Universidades solicita, previa solicitude, un informe para establecer as equivalencias. Este proceso xa se fixo e a petición xa está na ANECA. Xa hai comisións traballando en esto e sería posible ter novas a principio de 2015.

Continúa o informe explicando as noticias que indican que o Ministerio de Educación ten a intención de cambiar unha vez máis a organización dos graos, de 4 a 3 anos, parece que se contempla que os grados con profesións reguladas, poderían seguir coa estrutura actual de 240 ECTS. Está a nivel anteproxecto.

Finalmente, comunica que as eleccións a representantes a órganos colexiados, serían o día 11 de decembro. Tras isto farase a proclamación de candidatos seleccionados para pertencer á Xunta de Escola. O seguinte paso será que o Secretario da Escola organizará as eleccións ás comisións delegadas.

Intervén o profesor Jordi Delgado, consultando sobre a procedencia dos estudantes do MECCP, resposta o Director explicando que son todos estudantes da Escola con unha adscrición previa de 1/3 provintes do GEOP e 2/3 do TECIC.

3. Premios extraordinarios fin de carreira

O Director presenta e explica a convocatoria dos premios fin de carreira feita pola UdC. Tras o prazo de presentación de candidatos o tribunal realizou a concesión dos premios segundo a seguinte distribución:

ECCP: María Mila Romero, María del Mar Arias Raposo

TECIC: Belén Pose Suárez

GEOP: Lucas Canzobre Castelo

Apróbase

4. Quinquenios docentes de profesores da Escola

O Director presenta as solicitudes de quinquenios de profesores da Escola, teñen informe favorable do consello de Departamento. Solicita que se lle delegue a potestade de informar favorablemente no caso de algunha solicitude tardía dalgún profesor da Escola.

Os profesores que solicitan o quinquenio son: Héctor Gómez Díaz, Luis Antonio Hernández Ibáñez, Ramón Martul Álvarez de Neyra, Xesús Antón Nogueira Garea, Miguel Domingo Rodríguez Bugarín, Juan Joaquín Suárez López, Francisco Alberto Varela García, Jordi Delgado Martínez, Arturo Norberto Fontán, M^a Isabel Martínez Lage, Cristina Vázquez Herrero, Carlos Nárdiz Ortiz, Juan José Galán e Luis Romera.

Apróbase

5. Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro: Informes de seguimento enviados á ACSUG

O Director cede a palabra ó profesor Juan José Galán, quen explica os informes de seguimento das titulacións da Escola. Comenta ademais que nun principio non se iban a enviar documentos de calidade do Máster de Investigación, pero finalmente viuse que era preciso envialos. Informa tamén de que o plano estratéxico da Escola xa está redactado na súa primeira versión, a cal se mandará á reitoría e tamén se poñerá a exposición de todos os profesores.

Intervén o profesor Jordi Delgado, consultando sobre quen elaborou este Plan Estratéxico. Resposta o profesor Juan José Galán indicando que o borrador do que se está a falar se redactou de acordo coas directrices da Reitoría. O procedemento implica que unha vez elaborado o borrador se envíe a documentación a Reitoría quen validará que cumpra os requisitos do plan estratéxico xeral da UdC. Tras ese trámite enviarase ós membros da Xunta de Escola para a súa discusión. Trala exposición pública, e os cambios pertinentes, someterase á aprobación da Xunta de Escola.

Apróbanse os documentos de seguimento das titulacións da Escola.

6. Quenda aberta de palabra

Intervén o profesor Jordi Delgado, expresando a súa preocupación pola tendencia á baixa nos números de matrícula e pregunta polas actuacións que se fan desde a Dirección da Escola. Afirma ademais que sería pertinente que se abra un debate para plantexar unha solución integradora desde a Escola. Resposta o Director indicando que se foi informando nas Comisións e nas Xuntas de Escola das actuacións que se foron facendo e que sempre se invitou a todos os profesores a integrarse nas actividades organizadas.

Intervén a continuación o profesor Santiago Hernández expresando o seu descontento pola visión que se está a transmitir na prensa respecto á demanda das titulacións. Expresa tamén a súa opinión ó respecto de que o debate na xunta de escola é posible pero que se trata dun foro demasiado aberto para alcanzar consensos concretos. Por último trata sobre o posible cambio da estrutura da duración dos graos indicando que a proposta que se coñece polas noticias se podería describir como a autodestrución do sistema universitario español. Consulta tamén sobre cal é a opinión nos diferentes centros sobre esta última cuestión. Indica que desde a Xunta de Escola se podería traballar cos outros centros. Resposta o Director sinalando que na CRUE se expresou o rexeitamento unánime a esta medida, sen embargo o Reitor non convocou a decanos e directores para abordar este tema.

Intervén a continuación o profesor Xesús Nogueira, explicando que está tendo problema de baixa asistencia ás clases pola realización de exames fóra dos períodos establecidos de exame, informa que por esta causa nun dos grupos non tivo ningún estudante para unha das súas clases. Expresa que xa existe un período de exames Para realizar os mesmos e que non deben facerse exames fora desas datas, xa que a realización de exames avisados afecta ó funcionamento xeral.

Intervén o profesor Aitor Baldomir, explicando que unha posible solución sería realizar os controis durante as clases sen avisar do día en concreto.

Intervén o profesor Jordi Delgado, indicando que a realización de exames fóra do calendario oficial é unha actividade que entraría dentro do horario da materia e que se debería poder facer.

Intervén a profesora Julia Álvarez expresando que eso produce que a semana do exame, os estudantes non asistan a clase.

Intervén o profesor Xesús Nogueira expresando que el non avisa das probas, así mesmo engade que cada profesor na súa clase pode facer o que considere. Sen embargo, sendo todos compañeiros, parece lóxico que se poida axustar este tema para que a actuación que un faga non sexa causa dun problema a outras materias.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13:51 horas do xoves día 10 de decembro de 2014.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico